

Baiona, o imperio do "ouro"

Víctor Iglesias Viqueira

Sonche capaces de cambiarlle o nome á Divindade. O sexo mailo xénero cando blasfeman, o que fan a miúdo. Tanto as mulleres como os homes: elas porque veñen do mercado e a pescada está polas nubes; eles porque fai un sol de carallo. Sonche uns pecadentos que andan a superarse cando hai crego diante. O Val Miñor vai mergullado en "ouros", que dese xeito é eiquí a moeda europea.

Falar por falar, "meu" vén a ser compañeiro ou amizade próxima e "chó" (txo) serve ao caso de comodín, cando significa axudante de cocifeiro a bordo. De Baredo para este sitio, dinche, co beizo engurrado, como anoxado: "Fédeche o cu, vaca de pueblo". E engádenlle o de "pixote", que trae conta sempre. O cu é cu en todo lugar. Sábeo a emigración a Suíza e Alemaña, onde eses raios de estranxeiros, no bar, ¿como pedían aghua? Co fácil que é e sáenche co de "váter" ou "o".

O Baixiño, contramestre, non quería en cuberta a permanatos nin pernanbucos: fan doentes no camarote tocando a ghitarra. O Sancristán, que fai repenicar a campá coa electrónica, canta na tasca como lle cadra:

Non me toques a barrigha
Que é cousa que matormenta.
Tócame un pouco máis abaixo,
No caixón da ferramenta.

A xenealoxía múdase, ninguén se chama como lle corresponde: podes ser Jancho, teu parceiro Chourizo, ter nome de pía Xurxo e dinche Garafullo, pero ben que se entende tododiós. Baiona e a súa área de influencia de lonxe coñece aos seus cidadáns polo alcume. Quen non o ten tan claro é o carteiro, porque ben parvo debe ser por non saber que a dirección axeitada no sobre é enleada de máis: ¿Quen daría co sitio, se che poñen o nome e os apelidos, o enderezo e máis o distrito postal?

Á xente sotérrana en "nícharos", non veñas ti de ignorante, e dá a volta co coche na "redoma", como seica dispara coa escopeta "repartidora". O caso é que a xente enténdese, e o que non, a traballar na fábrica de "coches franchute".

Imos ir abrírlle as portas ao morto do tanatorio, que se escarallou o mando a distancia e o morto estache abafado ca calor. Morre a xente por unha cuestión sinxelamente cronolóxica, a non ser o que adianten os das motos. Maquíñas ponlle a cuberta de casqueiro a un faiado e a velliña pregunta: "¿que fas?". "Pois un pab". E a velliña retruca: "Ois, unha casa de putas".

As cousas sábense "demasiadamente", e non tes que vir ti coa "Universidá" e esa lería, porque de seguido che espetan que "non me fales en plan Jolivú". A xente sabe o que sabe porque o sabe ben sabido "e porque o sei", e non se para en barras nin en marcos: "a ese fóllomo eu". Haiche lugarismos, como "e por parte", que seica valerá por "enriba" ou "por si fora pouco", e falamos de lugarismos porque de aí non pasa.

Tamén cabe no mesmo saco o xiro "non me dá o ancho", que mesmo é que non che cadra, ou a estraña conxugación do verbo haber, que nos coloca un "haba" (con uve?), por certo espallado. Ten o seu aquel que os da banda de música chamen "Larry" á partitura composta polo director e que, na realidade, leva por título "La Arribada".

"Nin máis nin manga; ollo ao gato", di Tejero cando quere impoñer o seu criterio e vén de faltar o viño. Entón fala de estrelas e galóns, como o máis grande, como se non houbera médicos, enxeñeiros, periodistas e augardenteiros clandestinos. E as estrelas e os galóns tamén lle pegan, quizabes por unha toleira simplemente patriótica: porque non haxa sobras, cando a colleita de albariño e espadeiro é doada.

A cousa pode ser neghra cando se mira vir un problema de carallo, ou cando se intúe que, se non vén, o mesmo vén. Por iso, se chega, ti xa o sabías, aínda que tampouco che preste. Coidado con agharrar un "ganapán", que é unha chea de viño, que non fai falla collela na taberna: na casa Manolo hai dabondo (Rincón do Ferreiro), resposta de seu, a semellantes inquedanzas. E adega, e agora (e despois), e onde dá a fragua saen chispas soas.

As mulleres mercan unhas cortinas "presiosasss" e a cacheira rise de que a penduren con outros trofeos: bacallao, androlla, chourizos...

Está Augusto a rachar co diccionario e aínda outros propoñen o que é xogo de palabras: "Come peixe e bota bloque". Pode ser no levantamento dun muro, podería ser que convocan as urnas e, de tal xeito, e con v e maiúscula, fagan propaganda do devandito partido.